

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** PROVIDENCIA INICIO EXPEDIENTE LICITACIÓN PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE, INCLUIDO NO POS+2023

**EXPEDIENTE:**2023/G003/000522

### ANTECEDENTES:

Logo de ver o expediente da obra “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE” incluído no POS+2023 no que consta entre outra, a seguinte documentación:

1.-“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE” de data xaneiro de 2023, redactado polo arquitecto de asistencia técnica Jacobo Fernández Malde COAG 2829 asinado dixitalmente o 23/01/2023 e cun presuposto IVE incluído de: 243.611,45 € IVE incluído (201.331,78€+42.279,67€ de IVE) e prazo de execución de 6 meses.

2.-Acordo do pleno adoptado no punto 3º da sesión ordinario do 8 de febreiro de 2023 en relación ao ditame sobre acordo de participación no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) "POS+2023" no que se aproba a seguinte obra:

“(…)1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:(…)”

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Proxecto básico e de execución reforma e posta en valor da rúa Convento, Melide	243.611,45€				243.611,45€
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	243.611,45€				243.611,45€

(…)3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias respecto das obras do “ Proxecto básico e de execución reforma e posta en valor da rúa Convento, Melide”. (...)”

3.- Acordo do pleno adoptado no punto 4º da sesión ordinario do 8 de febreiro de 2023 en relación ditame sobre acordo, de non división por lotes da obra proxecto básico e de execución reforma e posta

exp. 2023/G003/000522

en valor da rúa Convento, Melide incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2023, no que se acorda:

“ (...)1.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 cos datos que se indican, con base no informe do arquitecto de asistencia técnica do Concello de Melide, Jacobo Fernández Malde, COAG 2928 de data 25/01/2023:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	“ PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE ”
ORZAMENTO DE CONTRATA DO INVESTIMENTO	243.611,45 €

2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

<input checked="" type="checkbox"/>	Dificultaría a correcta execución do investimento desde o punto de vista técnico.
<input checked="" type="checkbox"/>	Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
<input checked="" type="checkbox"/>	Outros motivos técnicos (especificar)

A división en lotes tería un importante custo económico para o Concello ao implicar unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, posto que sería necesario redactar documentos técnicos independentes para cada lote, para servir de base á licitación.

Aínda que algúns proxectos ou pregos inclúen distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adjudicados por lotes, existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos e outros conceptos, cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos documentos técnicos para a adjudicación en lotes.

Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o Concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais. Este incremento de expedientes suporía un retraso na adjudicación dos investimentos(...)”

4.-Requirimentos realizados a través da plataforma Subtel da Deputación da Coruña con rexistro de entrada núm. 820 de data de 02/03/2023 e rexistro de entrada núm. 1109 de data de 21/03/2023

5.-“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE” de data marzo de 2023, redactado polo arquitecto de asistencia técnica Jacobo Fernández Malde COAG 2829 asinado dixitalmente o 16/04/2023 e cun presuposto IVE incluído de: 243.611,45 € IVE incluído (201.331,78€+42.279,67€ de IVE) e prazo de execución de 6 meses.

6.-Informe do arquitecto de asistencia técnica Jacobo Fernández Malde de data 18/04/2023 no que di:

“ Jacobo Fernández Malde arquitecto Colexiado 2.928 do COAG, por encargo desta Alcaldía, en relación ao Proxecto básico e de execución de reforma e posta en valor das rúa Convento, Melide, marzo do 2023

**Asunto:** informe técnico sobre o Proxecto

Datos xerais

Promotor	Concello de Melide
Data	Marzo do 2023
Proxecto	Proxecto básico e de execución de reforma e posta en valor das rúa Convento, Melide, marzo do 2023
Emprazamento	Rúa Convento, Melide
Redactor do proxecto	Jacobo Fernández Malde, arquitecto COAG 2928
Orzamento Execución Material	169.186,37 €
Orzamento Contrata	201.331,78 € (243.611,45 € IVA incluído)

exp. 2023/G003/000522

### **Antecedentes**

1. 18 de abril de 2018, rex de entrada 1159, achégase copia do Proxecto básico de reforma e posta en valor das rúas Progreso e Convento, encargado polo Concello de Melide e redactado polo arquitecto Pedro Taboada de Zúñiga Campos. Esta documentación foi tramitada ante a D.X. do Patrimonio Cultural para a obtención da autorización sectorial necesaria.
2. Ca data do 9 de outubro de 2019, a directora xeral do Patrimonio Cultural, resolve a autorización das obras contidas no proxecto cas condicións recollidas na propia resolución e que foron asumidos na xuntanza do Consello Asesor dos Camiños de Santiago do 25 de setembro de 2018.
3. Coa data de abril de 2020, redáctase Proxecto básico e de execución de reforma e posta en valor das rúa Convento, Melide, polo arquitecto Pedro Taboada de Zúñiga Campos, que desenvolve a parte referida á rúa Convento e Ronda da Coruña segundo o tramitado no antedito proxecto básico, aprobado pola D.X. do Patrimonio Cultural.
4. Xaneiro do 2023, redáctase Proxecto básico e de execución de reforma e posta en valor das rúa Convento, Melide, onde se recolle ás obras referidas á rúa Convento, excluindo a Ronda da Coruña, para axustar o proxecto ás posibilidades económicas do Concello.

### **Obxecto**

O Proxecto básico e de execución de reforma e posta en valor das rúa Convento, Melide, xaneiro do 2023 recolle ás obras referidas á rúa Convento, excluindo a Ronda da Coruña, para axustar o proxecto ás posibilidades económicas do Concello. Recolle a definición e valoración das obras necesarias para a reforma e posta en valor da rúa Convento, como vía que configuran a fachada urbana do casco histórico ao Camiño de Santiago, así como a entrada deste no centro urbano da Vila. O proxecto recolle o cambio de pavimento, as melloras na accesibilidade, ordenación do tráfico rodado, restrinxindo a presenza de vehículos, o axardinamento destes espazo e a colocación de novo mobiliario urbano, a ordenación dos elementos de sinalización e información turística. Mellóranse e complétanse as infraestruturas urbanas municipais, realizando unha rede separativa de augas pluviais e grises e mellora, actualización da rede de subministro e mellora na iluminación.

### **Documentación técnica**

O Proxecto conta con:

- Memoria e anexo
- Planos
- Prego de prescricións técnicas
- Presuposto
- Estudio básico de Seguridade e Saúde
- Plan de Obra
- Estudio de xestión de residuos

Conta ca documentación mínima esixida polo Real Decreto 316/2006, Código Técnico da Edificación para consideralo como Proxecto completo. Conta ca documentación mínima esixida polo art. 233 da Lei 9/2017, de contratos do sector público. Inclúe estudo básico de seguridade e saúde segundo obriga o art. 4 do Real Decreto 1627/1997 disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Incorpora o estudo de xestión de residuos da construción segundo a disposición do art. 4 do Real Decreto 105/2008 que regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

### **Clasificación urbanística**

Segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, ao solo onde se pretende realizar as obras correspóndelle a clasificación de SOLO URBANO, dentro dos sistema viario e de espazos libres.

Posto que as referidas Normas Subsidiarias non se atopan adaptadas Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), é de aplicación a disposición transitoria primeira, réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Segundo as NN.SS. as obras son autorizables.

### **Autorizacións Previas:**

A obra atópase na delimitación do decreto 227/2011, do 2 de decembro, polo que se aproba a delimitación da ruta principal do Camiño de Santiago, Camiño Francés, así como no ámbito de máxima protección do Camiño de Santiago das NN SS de Melide, conta coa autorización das obras coas por parte da D.X. do Patrimonio Cultural.

O presente proxecto non modifica á solución formal aprobada polo D.X. do Patrimonio Cultural, nin introduce ningún elemento novo. Non presentado á autorización prazo para a súa execución, enténdese que esta segue sendo válida, cumprindo o presente proxecto as condicións esixidas na autorización.

En todo caso deberá estarse ao resto de consideracións técnicas recollidas na autorización:

Con carácter previo ó inicio das obras deberase facer unha axeitada avaliación arqueolóxica do ámbito das obras. Deberáanse realizar unhas sondaxes manuais nos puntos de maior interese arqueolóxico. A sondaxe arqueolóxica é

exp. 2023/G003/000522

unha actividade que, con carácter preventivo, está encamiñada a identificar restos arqueolóxicos e recoñecer a súa estratigrafía segundo o artigo 95.b da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia. Entendo que se deben facer con carácter previo e non no contexto da propia obra. Os resultados da intervención axudarán a previr afeccións ó patrimonio arqueolóxico da vila e a valoración dos datos obtidos nesta intervención pode clarificar a toma de decisións no que atinxe ó trazado das novas redes de pluviais, alumeado e abastecemento proxectadas. A ubicación destas sondaxes deberá afastarse das gabias de servizos presentes para tentar documentar unha estratigrafía o menos alterada posible.

Sen prexuízo do anterior, tódolos movementos de terras necesarios para a escavación e renovación da redes de servizos, realizaranse baixo control arqueolóxico, que será continuo e a pé de obra. Esta actividade enténdese, segundo o artigo 95.e da LPCG, como a supervisión por parte de persoal técnico competente (arqueólogos/os) dun proceso de obras que afectan un espazo de interese arqueolóxico, para establecer as medidas oportunas que permitan a conservación e/ou a documentación, de ser o caso, das evidencias ou elementos de interese arqueolóxico que aparezan no transcurso daquelas. Esta actividade require a autorización da DXPC, segundo o Decreto 199/1997 polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

De apareceren restos arqueolóxicos, comunicarase decontado á DXPC que indicará as medidas oportunas.

As áreas destinadas a amosar material, maquinaria e residuos, así como os vehículos vinculados a estas obras, situaranse fóra do Camiño de Santiago e terase especial coidado en manter en boas condicións a contorna dos elementos de patrimonio cultural (fonte) e natural (magnolia).

As obras do presente proxecto quedan fora do ámbito da estrada AC-840, Ronda da Coruña, da Rede Autonómica Galega de Estradas (RAEGA), polo que non se precisa autorización do Proxecto básico e de execución por parte da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).

#### **Disponibilidade de terreos**

De acordo ao establecido no artigo 236 da Lei 9/2017, de contratos do sector público::

- comprobada a realidade xeométrica das obras, estas considéranse viables en canto a súa execución
- as actuacións descritas neste Proxecto desenvólvense nas vías municipais, de titularidade municipal, e os terreos atópanse dispoñibles para a súa normal execución
- co respecto a adecuación ás Ordenanzas e Normas Municipais as obras son executables

As obras atópanse en vías recollidas dentro da cartografía das Normas Subsidiarias como vías públicas, atopándose dispoñibles para ser acometidas.

#### **Clasificación de la obra y Supervisión Técnica**

Segundo o artigo 232 da Lei de Contratos do Estado a obra clasifícase dentro do grupo a) Obras de primeiro establecemento, reforma, restauración, rehabilitación o gran reparación.

O proxecto obxecto deste informe non está suxeito a Informe de Supervisión Técnica segundo establece o artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, por ter un orzamento base de licitación inferior a 500.000 €, e por ser obras que non afectan a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

(...)

#### **Xustificación de unidade funcional**

De acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, o Proxecto ten carácter de obra completa, entendendo esta de ser susceptible de ser entregada ao uso xeral, sen perxuízo das ampliacións que posteriormente poida ser obxecto e comprendendo todos e cada un dos elementos precisos para a utilización da mesma.(...)"

Polo exposto infórmase favorablemente para a continuación da tramitación do expediente.(...)

Melide, a 18 de abril de 2023/O Arquitecto/Informe asinado dixitalmente/Jacobo Fernández Malde, col 2.928.(...)"

**7.-Comunicación da Deputación da Coruña de data 25/04/2023** e rexistro 1582 na que se comunica a supervisión favorable polo servizo de Asistencia técnica a Municipios da Deputación da Coruña con respecto da obra Proxecto básico e de execución reforma e posta en valor da rúa Convento

**8.-Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de abril de 2023** na que no seu punto 6 acorda:

**"(...)6. APROBACIÓN DA CORRECCIÓN DE ERROS DO "PROXECTO BASICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE" INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023 (...) PRIMEIRO:** Con base ao sinalado na parte expositiva APROBAR o proxecto denominado "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE" de data marzo de 2023, redactado polo arquitecto de asistencia técnica Jacobo Fernández Malde COAG 2829 asinado dixitalmente o 16/04/2023 e cun presuposto

exp. 2023/G003/000522

IVE incluído de: 243.611,45 € IVE incluído (201.331,78€+42.279,67€ de IVE) e prazo de execución de 6 meses, incluído no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos ) POS+ 2023 da Deputación da Coruña, debidamente corrixido despois do requirimento realizado pola Deputación da Coruña a través da plataforma SUBTEL.

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Proxecto básico e de execución reforma e posta en valor da rúa Convento, Melide	243.611,45€				243.611,45€
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	243.611,45€				243.611,45€

**SEGUNDO:** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión plenaria que se celebre

**TERCEIRO:** Dar traslado deste acordo xunto cos proxectos e os informes á Deputación da Coruña a través da plataforma SUBTEL.(...)”

9.-Circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) 2023 na que aparece esta obra sen condicións para contratar co código 2023.2000.0172.0 (registro de entrada 2032 de data 26/05/2023)

10.- Escrito remitido por correo electrónico dende Patrimonio e Contratación da Deputación da Coruña, asinado polo Deputado Presidente da Comisión Informativa de Contratación Patrimonio e Equipamento relativo ao “ANEXO IV. II PREGOS SIMPLIFICADOS MULTICRITERIOS” no que se di:

“(…) No referido a cláusula do ANEXO IV.II Criterios específicos para o presente contrato e diante das dúbidas existentes na aplicación dos criterios, facemos a seguinte aclaración:

Neste tipo de procedemento, os abanos propostos no prego referidos a "criterios non avaliábeis mediante fórmulas" e "si avaliábeis" e tal como se especifica concretamente no redactado dos pregos de contratación deben ter un equilibrio de 25% e 75% respectivamente, se ben os abanos son unicamente orientativos, podéndose modificar a criterio do órgano de contratación, sendo inamovible (tal e como reflexa o artigo 159 da LCSP) que a suma dos criterios determinantes de xuízo de valor non poderá superar o 25% da puntuación total.

Na elección dos criterios avaliábeis mediante fórmulas deberán figurar como mínimo a aplicación de tres criterios, sendo obrigatoriamente un deles o criterio prezo.(...)”.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

exp. 2023/G003/000522

**Primeiro.** Motivar a contratación nos fundamentos que se establecen no expediente referenciado na parte expositiva deste acordo e no que establece o redactor no proxecto:

*“(…Se propoñe a reforma e puesta en valor da rúa Convento, así como a súa Travesía.*

*Siguendo os criterios formais utilizados na reforma e puesta en valor da Avda de Lugo e do Cantón de San Roque se proponen como obxectivos:*

*- El acondicionamento do Camiño de Santiago en o seu paso polo centro urbano e acceso ao casco histórico de Melide.*

*- Regeneración ambiental e humanización do espazo urbano público. Mejora da imaxe pública do casco histórico.*

*- Mejora das condicións de acceso para peatóns e ordenación do tráfico rodado en o perímetro casco, limitando o seu uso de cara a o futuro peatonalización do mesmo.*

*- Mejora e actualización dos servizos urbanos do Concello.(…)”.*

E que se inicie o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), por razóns da contía e características da seguinte obra:

“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE” de data marzo de 2023, redactado polo arquitecto de asistencia técnica Jacobo Fernández Malde COAG 2829 asinado dixitalmente o 16/04/2023 e cun presuposto IVE incluído de: 243.611,45 € IVE incluído (201.331,78€+42.279,67€ de IVE) e prazo de execución de 6 meses, incluído no POS+2023.

**Segundo:** Que por parte dos servizos técnicos se realice informe sobre os datos correspondentes ao “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE” que se deben incluír no apartado do cadro de características, anexo I: apartado 2 (codificación), 7 (clasificación esixida), 8 (clasificación para efectos de acreditación de solvencia), anexo V (medios persoais e materiais requiridos para a execución da obra.) e anexo IX (Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista).

**Terceiro:** Que se incorpore ao presente expediente a seguinte documentación:

- 1.- Proxectos técnicos xunto cos informes emitidos polos técnicos municipais.
- 2.- Certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención Municipal así como certificado no que se faga constar que o orzamento das obras obxecto de contratación non excede do 10 por cento dos recursos ordinario do orzamento.

3.- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021 e publicado no BOP nº 42 do 04/03/2021, segundo se establece a Circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) 2023 na que aparece esta obra sen condicións para contratar co código 2023.2000.0172.0 (registro de entrada 2032 de data 26/05/2023),cos seguintes criterios de valoración:

**CRITERIOS NON EVALUABLES MEDIANTE FÓRMULAS**

- a) Plan de control de calidade.... de 0 a 6 puntos
- b) Programa de traballo ..... de 0 a 10 puntos
- c) Programa de actuación ambiental ....de 0 a 2 puntos
- d) Esquema do Plan de seguridade e saúde ..... de 0 a 2 puntos

**CRITERIOS EVALUABLES MEDIANTE FORMULAS:**

Oferta Económica: .... de 0 a 5 puntos

exp. 2023/G003/000522

- Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa. .... de 0 a 25 puntos  
Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa ... de 0 a 15 puntos  
Contratación de desempregados..... de 0 a 2 puntos  
Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación ...de 0 a 13 puntos  
4.- Acta de replanteo previo das obras  
5.- Informe de Secretaría.  
6.- Informe de Intervención sobre fiscalización do gasto.

**Cuarto:** Unha vez unidos os anteriores documentos ao expediente, déseme conta para o obxecto de que, previa a oportuna convocatoria, a Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron concedidas por esta Alcaldía mediante resolución nº 430/2023 do 31 de xullo de 2023 (BOP Nº 148 do 4 de agosto de 2023), poida acordar, de ser o caso, a aprobación do expediente de contratación e a iniciación do de adxudicación

Ordeno e asino en Melide, venres 8 de setembro de 2023. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas  
Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.